

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 26 DE ABRIL DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara monumento natural o pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós (Quiroga).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para contratar, de xeito centralizado, a prestación dos servizos postais e telegráficos da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se aproba a execución dos acordos adoptados no marco do II Plan de avaliación de entes dependentes da Xunta de Galicia así como a constitución da Comisión de seguimento do cumprimento destes e da implantación das recomendacións de mellora contidas no dito plan.

CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda n.º 1 ao convenio entre a extinta Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o concello de Ourense, para o financiamento da redacción da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Ourense (Reaxuste de anualidades).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura de acordos da Comisión Bilateral de Seguimento, relativos ás áreas de rehabilitación integral na Comunidade Autónoma de Galicia, con participación dos concellos ao abeiro do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Deputación Provincial da Coruña, para levar a cabo o acondicionamento da conexión das estradas AC-552, AC-551 e DP-0509, por un importe total de dez millóns trescentos dez mil setecentos sesenta e nove euros con cincuenta e un céntimos (10.310.769,51 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición do carácter de fundación do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia á Fundación Camilo José Cela, a modificación dos seus estatutos e se autoriza o presidente da Xunta de Galicia para designar os membros que correspondan á Xunta de Galicia no seu padroado.
- Acordo polo que se autoriza o gasto plurianual derivado das bases reguladoras e da convocatoria das bolsas de formación en materia de patrimonio moble galego, correspondentes ao programa 2012-2013, por un importe total de oitenta mil euros (80.000,00 euros).

A XUNTA DECLARA O PREGAMENTO XEOLÓXICO DE CAMPODOLA-LEIXAZÓS, EN QUIROGA, MONUMENTO NATURAL

- *Este acordo é o primeiro destas características que se leva a cabo na presente legislatura. Con este paso o monumento queda incorporado á Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos*
- *Este escenario natural ten un importante valor xeolóxico no contexto internacional*
- *Dende a Conservación da Natureza someteuse a información pública e audiencia aos interesados por un período de vinte días, sen que se presentasen alegacións*
- *A Xunta elaborará o plan de conservación do monumento natural*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un proxecto de decreto polo que se declara monumento natural o pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós, no concello lucense de Quiroga e vinculado á estrutura tectónica coñecida como o sinclinal do Courel. Este acordo, que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), é o primeiro deste tipo que se leva a cabo na presente legislatura. Ademais, con este paso o monumento queda incorporado á Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.

Este escenario natural ten un importante valor xeolóxico no contexto nacional e internacional. Trátase dun elemento da natureza constituído por unha formación xeolóxica de notoria singularidade, beleza e interese científico, que se conserva practicamente intacto dende o Carbonífero inferior.

Medidas de protección

Este espazo forma parte dun sistema xeolóxico que sobresaie pola calidade ambiental e a riqueza natural da zona. A paisaxe da contorna é froito dos usos agrogandeiros tradicionais da zona, con matogueiras e piñeiros en produción, e intercaladas parcialmente con masas forestais de castiñeiros que constitúen un ecosistema de gran biodiversidade, polo que resulta necesario compatibilizar a conservación cos usos tradicionais e recreativos.

No ámbito do monumento natural e co fin de garantir a conservación dos valores que motivaron a súa declaración, establécense as seguintes medidas de protección:

- Prohíbese en todo o ámbito do monumento natural:
 1. Os campamentos e acampadas.
 2. Os desmontes e terrapléns.
 3. Os vertedoiros e verteduras de calquera tipo.
 4. As queimas.
 5. A colocación de anuncios publicitarios.
 6. Os aproveitamentos mineiros.

7. A instalación de infraestruturas que menoscaben a calidade paisaxística do contorno.
 8. A construción de edificacións de calquera tipo.
 9. Actividades de escalada ou alpinismo.
- Fóra dos camiños e vías existentes, só se permitirá o estacionamento e circulación de vehículos e maquinaria propios da actividade agrícola e forestal do contorno
 - No caso dos soutos, hábitat de interese comunitario, dado o seu carácter seminatural, considérase que os labores culturais tradicionais que se veñen realizando no espazo son necesarios para a súa conservación.
 - Quedarán prohibidas ademais todas aquelas accións que poidan supoñer a destrución ou alteración significativa dos hábitats naturais identificados na área como de especial interese ou prioritarios.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é o organismo ao cal lle compete a materia de conservación da natureza, polo que será a que inste a suspensión de toda actividade que non dispoña da preceptiva autorización

A aprobación desta proposta significa un investimento económico necesario para a elaboración do plan de conservación do monumento natural que será de 30.000 euros, cofinanciados con fondos europeos Feder nun 70 por cento.

A declaración do monumento natural pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós, permitirá xestionar o espazo de tal xeito que as medidas de conservación e os usos tradicionais e públicos sexan compatibles. A superficie declarada monumento natural é de 90 hectáreas, pertencentes ás comunidades de montes veciñais de man común (MVMC) de Campodola e Leixazós. A parte onde se sitúa o pregamento da comunidade de Campodola representa 75 ha e a de Leixazós é de 15 ha.

Dende a Dirección Xeral de Conservación da Natureza someteuse este proceso a información pública e audiencia aos interesados por un período de vinte días, sen que se presentasen alegacións.

Estes recursos naturais necesitan dunha protección que asegure a súa conservación compatible co uso público e co gozo da natureza. Nos monumentos naturais con carácter xeral está prohibida a explotación de recursos, salvo naqueles casos en que por razóns de investigación ou conservación esta se permita, logo da pertinente autorización administrativa.

A protección e conservación do noso patrimonio natural é un mandato recollido no artigo 45 da vixente Constitución española e unha necesidade para asegurar a supervivencia dos nosos ecosistemas.

En Galicia xa foron declarados sete monumentos naturais: a Praia das Catedrais en Ribadeo (Lugo); a Carballa da Rocha en Rairiz de Veiga (Ourense); a Costa de Dexo en Oleiros (A Coruña); a Fraga de Catasós en Lalín (Pontevedra); a Pena Corneira en Leiro, Carballeda de Avia e Aviión (Ourense); o Souto da Retorta na localidade de Viveiro (Lugo) e o Souto de Rozabales en Manzaneda (Ourense); polo que este é o oitavo da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.


Características do monumento


No pregamento de Campodola e Leixazós, grazas á erosión e ao encaixamento do río Ferreiriño, apréciase con total nitidez este proceso xeolóxico, deixando ao descuberto a súa estrutura interna nun gran corte transversal.

En virtude da desaparición da terra e a cuberta vexetal na actualidade podemos observar un sinclinal, é dicir un pregamento de forma cóncava en que o eixe de flexión ou charnela, foi orixinalmente vertical. A forza tectónica fixo que as capas pregadas se curvaran ata que o eixe quedou en posición horizontal: é o exemplo típico do que se denomina pregamento deitado.

Algúns científicos xa sinalaron que o pregamento non é só un dos puntos da xeoloxía estrutural máis importantes de España; trátase máis ben dun espectáculo natural que ten moi poucos puntos de comparación en todo o continente, que tan só nos Alpes e nalgún punto dos Pirineos pode contemplarse algo semellante.

Con esta declaración, contribúese a completar o sistema de áreas protexidas de Galicia de acordo coas liñas de actuación establecidas en materia de conservación da natureza.





O NOVO CONTRATO CENTRALIZADO DOS SERVIZOS POSTAIS PERMITIRÁ AFORRAR Á XUNTA UN 20% NO CUSTO DA PRESTACIÓN

- ***A Xunta sacará a concurso a prestación de xeito centralizado dos servizos postais e telegráficos de 49 organismos e departamentos da Administración autonómica***

O Consello da Xunta acordou hoxe sacar a concurso de xeito centralizado a prestación dos servizos postais e telegráficos da Xunta de Galicia para os vindeiros dous anos por case 19 millóns de euros, o que supón un aforro do 20 por cento nos custos respecto ao contrato anterior, o que representa 4 millóns de euros de aforro sobre o prezo de licitación do contrato anterior.

O novo contrato prevé a contratación de xeito centralizado da prestación dos servizos postais e telegráficos dun total de 49 organismos e departamentos da Xunta de Galicia, así como o transporte de documentación mediante valixa e os servizos postais dirixidos á Administración autonómica dende os concellos galegos acollidos ao sistema de información ao cidadán, o coñecido como Portelo Único.

A prestación do servizo de xeito centralizado elimina as dificultades técnicas que poderían representar a participación de distintos operadores postais na xestión do servizo e, ao tempo, acadar unha oferta económica e técnica máis vantaxosa para a Administración. A Xunta estima nun 20 por cento o aforro respecto ao contrato anterior, no que había 35 organismos e departamentos da Xunta, fronte aos 49 que se inclúen agora, aínda que o aforro pode ser aínda maior se se produce unha rebaixa na adxudicación, que se realizará mediante procedemento aberto.

O contrato inclúe a prestación de servizo en todas as consellerías, na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, no Consello da Cultura Galega, na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), no Sergas, no Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, en Augas de Galicia, na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, no Consello Galego da Competencia, no Intecmar, no Instituto Galego da Vivenda e Solo, no Igape, no Ingacal, no Inega e en Turgalicia, entre outros.

A XUNTA NOMEA A COMISIÓN ENCARGADA DE SUPERVISAR A EXECUCIÓN DO SEGUNDO PLAN DE RACIONALIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PARALELA

- ***Cando remate esta segunda fase, o Goberno galego terá eliminados 73 organismos e acadado un aforro superior aos 25 millóns de euros anuais***
- ***A Xunta tamén definiu máis de 350 recomendacións de mellora que deben aplicar os entes que continúen operativos***

O Consello da Xunta constituíu hoxe a comisión de seguimento encargada de supervisar a segunda fase do Plan de reestruturación da Administración paralela, que permitirá eliminar 25 organismos e introducir melloras e reformulacións noutros 30, o que suporá un aforro anual estimado de entre cinco e seis millóns de euros anuais ás arcas públicas galegas, que se suman ao aforro anual de máis de 20 millóns de euros que supuxo a primeira fase do plan.

Cando teña rematado a execución desta segunda fase do plan, o Goberno da Xunta terá eliminado un total de 73 organismos, o que representa que se terá adelgazado á metade o peso da Administración paralela respecto á pasada lexislatura. Como na fase inicial, unha comisión de seguimento interdepartamental será a encargada de velar polo cumprimento do proceso e de elevar trimestralmente ao Consello da Xunta un informe da súa execución.

Máis alá da extinción de organismos, o Goberno galego está a facer especial fincapé nas recomendacións de mellora para os entes que continúan operativos. Nesta segunda fase serán máis de 350 as propostas que se implantarán nos 30 entes que seguen operando, que inciden en ámbitos coma o control financeiro, a reordenación de espazos, a diversificación de actividades, a distribución de recursos materiais e humanos ou a orientación estratéxica.

Nesa liña, aplicarase unha solución específica aos cinco entes feirais incluídos nesta fase que se manteñen, que deberán implantar un plan de viabilidade que vincule a achega económica á consecución de obxectivos. Trátase do Instituto Feiral da Coruña, do Ifevi, da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo e de Expourense.

Así, estes organismos disporán dun ano para adoptar medidas concretas que permitan incrementar a súa eficiencia, reducir duplicidades e garantir a súa viabilidade. Transcorrido ese prazo, a Xunta analizará de novo a súa situación, e reserva para si a posibilidade de desvincularse e suspender a súa participación nestes entes. O obxectivo é lograr avances no sector na liña de avanzar en dinamismo, sustentabilidade e valor engadido, ao tempo que se substitúe a rivalidade entre recintos pola cooperación estratéxica e a eficiencia.

Propostas de mellora

Ademais das feiras, introduciranse propostas de mellora no do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI); Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp); Escola Galega de Administración Pública (Egap); Fundación Galicia Europa; Consorcio Servizo contra Incendios e Salvamento das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes; Consorcio Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), e Galicia Calidade.

Tamén continuarán a Fundación Cidade da Cultura; o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC); Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios; Fundación de Medicina Xenómica; Fundación Pública de Urgencia Sanitarias 061; Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas); Instituto Galego de Oftalmoloxía (Ingo); Centro Oncolóxico de Galicia; Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia; Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga); Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga); Xenética Fontao; Fundación Escola Agrícola Pedro Murias; Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar); a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), e Portos de Galicia.

Extincións e reformulacións

Pola súa banda, o acordo ratificado no seu día polo Consello para a posta en marcha da segunda fase do plan de racionalización prevé a extinción do Consorcio Galicia 2005 Volta ao mundo a vela; os consorcios comarcais de bombeiros do Carballiño e do Ribeiro, A Limia, Valdeorras, Verín, O Morrazo, O Salnés e O Baixo Miño, O Condado e Louriña; Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana (Igaci); o Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (Ceei Galicia); Fundación Mar de Galicia; Centro de Supercomputación de Galicia, S.A. (Cesga); Consello Xuventude Galicia; Fundación Centro Tecnolóxico Téxtil; Fundación Centro Tecnolóxico da Carne; Fundación Centro Galego do Plástico; Agrupación de Consorcios Limia-Verín; Consorcio Audiovisual de Galicia; Turgalicia e o Instituto de Estudos Turísticos.

Así mesmo, ademais destas extincións, propónse a desvinculación da Xunta doutros dous entes: Cursos Internacionais Universidade de Santiago de Compostela e Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia (Fedexga). Outros dous entes máis serán obxecto dunha profunda reformulación: a Sociedade Anónima de Xestión Plan Xacobeo e os catro Xestur provinciais, que se reconverterán nun só organismo de xestión do solo, o que supón a eliminación doutros tres entes.

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE OURENSE CUNHA ACHEGA DE 500.000 EUROS PARA A REDACCIÓN DO SEU PLAN XERAL

- *A Administración galega subvenciona a tramitación do PXOM con máis de 500.000 euros ata 2015*
- *O Concello non formalizou as dúas fases previstas para a anualidade de 2010 polo que é necesario reaxustar as anualidades á realidade das fases realizadas e as previsións de remate da redacción do plan xeral*
- *Dende a Xunta destácase que a Administración galega sempre traballou de xeito coordinado co Concello, de feito en outubro de 2011 entrou en vigor unha a ordenación urbanística provisional que afectaba 31 ámbitos de Ourense*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura da addenda número 1 ao convenio de colaboración ente a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ourense para o financiamento da redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ourense. A CMATI destinará en 2012 un total de 156.600 euros para avanzar na redacción e tramitación do documento de planeamento.

O Concello non formalizou as dúas fases previstas para a anualidade de 2010 polo que segundo o informe dos servizos da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo é procedente reaxustar as anualidades á realidade das fases realizadas e as previsións de finalización pendentes de execución/ tramitación.

Así pois, axustar a realidade administrativa aos trámites para a execución dos traballos garantirá que o Concello de Ourense dispoña dun documento de Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado ao marco xurídico estatal e autonómico coa perspectiva de procurar un desenvolvemento urbanístico equilibrado e sustentable. Ao mesmo tempo, contribúese ao progreso económico e social do Concello de Ourense e da súa área de influencia coa finalidade de mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

Para acadar este obxectivo, a Xunta ten programada unha subvención total de 522.000 euros, para que o Concello de Ourense redacte o seu documento de planeamento municipal.

Colaboración continua

Coa autorización da sinatura desta addenda, a Xunta de Galicia ofrece unha nova mostra de colaboración e traballo coordinado co Concello de Ourense. De feito, a finais de xaneiro deste ano, o departamento que dirixe Agustín Hernández deu o visto e praxe ao Plan Especial das Burgas incluído na prdenación provisional de Ourense, que corresponde ao ámbito número 30 da ordenación urbanística provisional aprobada en setembro de 2011 tamén polo Consello da Xunta.

Cómpre lembrar que froito do traballo en equipo e coordinación entre ambas as administracións, a ordenación urbanística provisional de Ourense está en vigor dende outubro de 2011, polo que se suspende parcialmente a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ourense nun total de 31 ámbitos e se aproba a ordenación urbanística provisional para as ditas zonas. O planeamento o provisional ordenará estes ámbitos ata a entrada en vigor do novo PXOM que está a redactar o Concello.

Con esta solución, promovida pola Xunta, superouse o escenario de incerteza na regulamentación urbanística de Ourense, dende o máis estrito respecto á legalidade vixente, o desenvolvemento sustentable do territorio e a cohesión social da poboación. A elaboración e tramitación desta normativa provisional foi un dos froitos acadados no marco das reunións de traballo establecidas entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense para ordenar e regularizar 31 ámbitos nos que concorre un especial interese xeral polo seu carácter dotacional público ou pola súa inclusión nun plan estratéxico municipal, así como porque contan coa aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento, xestión e urbanización.

AS ÁREAS DE REHABILITACIÓN RECIBIRÁN AXUDAS POR IMPORTE DE MÁIS DE 34 M€ PARA LEVAR A CABO 2.500 NOVAS ACTUACIÓNS EN VIVENDAS E EDIFICIOS

- ***A Xunta destinará máis de 15,6 millóns de euros ao financiamento dos novos obxectivos de áreas de rehabilitación que se asinarán no ano 2012 no marco da Comisión Bilateral do Plan de Vivenda***
- ***Aos fondos autonómicos hai que sumar outros 18,8 millóns de euros procedentes do Ministerio de Fomento***
- ***Actualmente Galicia conta con 56 áreas de rehabilitación das que 55 se distribúen nun total de 38 concellos. A que completa a lista é a área de rehabilitación dos Camiños de Santiago, que transcorre por 107 concellos galegos***
- ***Dende a creación das áreas de rehabilitación máis de 8.700 vivendas foron rehabilitadas con axudas públicas***
- ***Os convenios de áreas de rehabilitación que están actualmente en execución prevén a rehabilitación de preto doutras 2.200 vivendas***

A Xunta de Galicia destinará máis de 15,6 millóns de euros ao financiamento dos 2.500 novos obxectivos de áreas de rehabilitación que se asinarán no ano 2012 no marco da Comisión Bilateral do Plan de Vivenda, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta. Aos fondos autonómicos hai que sumar outros 18,8 millóns de euros procedentes do Ministerio de Fomento, polo que as axudas públicas para as novas actuacións nas áreas de rehabilitación galegas ascenderán a 34,4 millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de acordos da comisión bilateral referentes aos convenios de áreas de rehabilitación que se asinarán en 2012 en función da repartición de obxectivos, que acadará os 2.500, superando amplamente os 1.750 inicialmente previstos no Plan de Vivenda e Rehabilitación, o que supón un incremento do 37%.

As axudas incluídas nos convenios que se asinarán cos respectivos concellos permitirán subvencionar as actuacións de rehabilitación executadas polos propietarios das vivendas situadas nas áreas de rehabilitación, así como obras de urbanización e reurbanización realizadas polos correspondentes concellos. Tamén se inclúe o financiamento das oficinas de rehabilitación que se encargan da xestión das axudas no ámbito das áreas de rehabilitación.

Estas oficinas de rehabilitación dependen organicamente dos respectivos concellos, con excepción da correspondente á área de rehabilitación dos camiños de Santiago, que depende directamente do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Convenios finalizados en en execución

Dende a creación da figura das áreas de rehabilitación ata a actualidade, un total de 8.767 vivendas foron rehabilitadas con cargo ás axudas públicas. Polo que respecta aos convenios xa asinados e que se atopan actualmente en execución, xa que se trata de actuacións plurianuais, prevén a rehabilitación dun total de 2.182 vivendas, das que xa se rehabilitaron o 56 por cento.

Novas áreas

Galicia conta con novas áreas de rehabilitación declaradas nos últimos meses e que disporán de obxectivos unha vez asinados os convenios autorizados hoxe. Esas áreas son as de Marín e Baiona na provincia de Pontevedra, Vilar de Santos na de Ourense e Sober na provincia de Lugo.

Tamén foi declarada a área de rehabilitación dos camiños de Santiago, da que se aproba a segunda fase.

Actualmente Galicia conta con 56 áreas de rehabilitación das que 55 se distribúen nun total de 38 concellos. A que completa a lista é a área de rehabilitación dos camiños de Santiago, que transcorre por 107 concellos galegos. O número total de concellos con áreas de rehabilitación é de 128, dado que algúns dos concellos polo que transcorre o Camiño de Santiago teñen declaradas outras áreas de rehabilitación.

A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA LEVAR A CABO A ROTONDA DE SABÓN, CUXAS OBRAS SE LICITARÁN EN XUÑO E COMEZARÁN NO ÚLTIMO TRIMESTRE DESTE ANO

- *O convenio recolle un investimento de 10,3 millóns de euros, dos que a Xunta achegará 9,5 e a Deputación da Coruña financiará 750.000 euros*
- *A consignación da entidade provincial permitirá licitar e comezar as obras neste mesmo ano*
- *O obxectivo da actuación é solucionar a conxestión de vehículos nas estradas que dan acceso á zona industrial de Arteixo*
- *Permitirá soportar o volume de tráfico que entra e sae do polígono ou que provén das estradas A Coruña-Cee (AC-552), A Coruña-Sabón (AC-415) ou da vía que une a AG-55 con Sabón (AC-551)*
- *O proxecto tamén considera o desdoblamento da estrada AC-551, que pasará a ter dous carrís por sentido*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e a Deputación Provincial da Coruña para levar a cabo unha nova glorieta a nivel superior (mantendo a glorieta actual) que permitirá absorber os tráfico das estradas AC-552 (A Coruña-Cee), AC-551 (AG-55-Sabón) e DP-0509 en dirección ao polígono de Sabón.

Con base neste documento comprométese o financiamento de 10,3 millóns de euros, dos que a AXI executará un total de 9,5 millóns e a Deputación da Coruña financiará 750.000 euros. O convenio coa entidade provincial permitirá á Xunta de Galicia licitar as obras este mes de xuño, co obxectivo de adxudicalas en outubro e comezar a execución no último trimestre do ano.

A Xunta de Galicia está a cumprir os prazos comprometidos para esta actuación. Nestes momentos xa está realizado todo o proceso expropiatorio, o que permite ter os terreos totalmente á disposición para iniciar as obras de forma inmediata.

O obxectivo desta actuación consiste en solucionar a conxestión de vehículos nas estradas que dan acceso á zona industrial de Arteixo. A reordenación do tráfico proxéctase mediante a execución dunha glorieta a nivel superior (sobre a actual) á que estarán conectadas as estradas AC-551, a DP-0509 e a AC-552 do lado de Vilarrodís (dirección A Coruña), mediante ramais de acceso. A glorieta elevada terá 28 metros de raio e estará encaixada dentro da zona axardinada da glorieta existente.

O proxecto tamén recolle o desdoblamento da estrada AC-551, que pasará a ter dous carrís por sentido. Ademais, co fin de reducir o tráfico dentro da glorieta actual, proxectaranse carrís de acceso directo para os vehículos que realicen o movemento desde a AC-551 cara á AC-552 (sentido A Coruña) e para os vehículos procedentes de

Arteixo (AC-552) que desexen incorporarse á AC-551. Na imaxe pódese consultar o trazado.

Esta nova reordenación da glorieta de Sabón permitirá soportar o volume de tráfico que entra e sae do polígono e o que provén das estradas A Coruña-Cee (AC-552), a estrada A Coruña-Sabón (AC-415) ou da vía que une o Polígono de Sabón coa e autoestrada A Coruña-Carballo (AC-551). Actualmente, prodúcese continuas retencións, que o proxecto pretende solucionar, tanto para o presente como para os proxectos futuros que se están a desenvolver, como o polígono de Morás ou o Porto Exterior.



Na páxina da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (<http://www.cmati.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/2917>) está á disposición dos interesados un documento coa planta do proxecto de trazado aprobado.

CULTURA E EDUCACIÓN REAFIRMA O SEU COMPROMISO CO LABOR DA FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA AO INTEGRALA NO SECTOR PÚBLICO

- ***O conselleiro, Xesús Vázquez Abad, será o presidente do novo padroado***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reafirma o seu compromiso co labor desenvolvido pola Fundación Camilo José Cela ao integrala no sector público, o que supón que o ente pasará a ser un medio propio e instrumental da Xunta de Galicia. A integración, que foi aprobada hoxe no Consello da Xunta, é froito do compromiso da Xunta de Galicia coa viabilidade deste ente, fundamental para a conservación da obra do Nobel galego.

Cómpre lembrar que a Xunta asinou en 2010 un convenio coa fundación para participar de forma máis activa no seu financiamento, achegando máis do 50% dos seus ingresos. Desta forma, a fundación comprometeuse a realizar un plan de axuste económico-financeiro para garantir a súa estabilidade financeira e un axuste máximo das previsións de gasto ás previsións de ingresos no período 2011-2015; tras o que o ente pasaría a ser fundación do sector público.

Padroado

A partir da súa integración no sector público, o padroado da fundación pasará a ser presidido polo conselleiro competente na materia de cultura, neste caso Xesús Vázquez Abad.

Así mesmo, a composición do padroado pasará a estar formada por dez membros propostos pola Xunta de Galicia. Ademais, serán membros natos o alcalde do Concello de Padrón, o reitor da Universidade de Santiago de Compostela e os presidentes das catro deputacións provinciais. Doutra banda, haberá un membro designado pola S.M. o Rei, un pola Universidade de Santiago de Compostela e outro pola Universidade Camilo José Cela.

Conservación do legado

A integración da Fundación Camilo José Cela supón un importante apoio ao labor de conservación do legado do autor que vén desenvolvendo a entidade. A fundación foi constituída con data do 14 de xullo de 1986 co fin de promover o estudo da obra de Camilo José Cela e conservar o seu patrimonio cultural, humano e aínda anecdótico.

Un dos seus obxectivos é, ademais, estender o coñecemento xeral da obra e patrimonio do Nobel galego, así como de todas aquelas actividades dirixidas ao fomento da cultura.

A Fundación Camilo José Cela é unha das institucións culturais máis importantes da nosa Comunidade Autónoma, singularmente por ter entre o seu patrimonio todos os manuscritos orixinais do autor. Ademais, a sede da Fundación –situada en cinco antigas “Casas dos Coéngos” rehabilitadas– alberga fondos documentais da máxima relevancia, unha valiosa colección pictórica e unha rica biblioteca con máis de corenta e cinco mil volumes.

CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA 80.000 EUROS PARA A CONVOCATORIA DE SEIS BOLSAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE PATRIMONIO MOBLE

- ***Os bolseiros documentarán e catalogarán as coleccións de diferentes museos xestionados pola Consellería e serán tutelados por representantes dos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 80.000 euros para a convocatoria de seis bolsas de formación en patrimonio moble. O proxecto de acordo autorizado hoxe polo Consello da Xunta ten como obxectivo mellorar o sistema documental dos museos e coleccións visitables da Consellería, que favorecerá a conservación e a difusión dos bens culturais albergados nestes centros.

Os bolseiros realizarán a súa actividade en diversos museos propios e xestionados pola Consellería, e serán tutelados, dirixidos e coordinados polos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. As tarefas que van desenvolver as persoas seleccionadas son fundamentalmente tres: documentación, difusión e catalogación. A convocatoria está dirixida a persoas licenciadas en Historia, Historia da Arte e Arqueoloxía.

A Consellería de Cultura e Educación considera que esta será unha oportunidade única para que os beneficiarios destas axudas adquiren unha formación completa e obteñan as técnicas e aptitudes necesarias que faciliten a súa inserción no mundo laboral. A finalidade das bolsas é proporcionar unha formación teórico-práctica que, engadida á aprendizaxe académica, contribúa a completar o currículo dos beneficiarios.

En total concederanse seis bolsas de formación, que se adxudicarán en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade. As bolsas teñen unha duración de doce meses contados a partir da data de incorporación que establece a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. As bases desta orde de axudas poderán consultarse proximamente no *Diario Oficial de Galicia*.